

SOLICITANTE: SECRETARIA XERAL  
SITUACION: Meiro -A Portela, Cemiterio Ermelo, Cabalo e Sar  
(Cela) Bueu

ASUNTO: Aclaración sobre titularidade e posibles afeccións dos camiños que forman parte do "Proxecto de Pavimentación de catro camiños municipais:

- 1.- Camiño de Meiro A Portela.
- 2.- Camiño de acceso ao cemiterio de Ermelo.
- 3.- Camiño na zona de Cabalo.
- 4.- Camiño na zona de Sar de Cela.

En relación o asunto de referencia o arquitecto técnico municipal informa:

O camiño de Sar - Cela, aparece recollido no Documento de aprobación definitiva do Inventario de Camiños de Titularidade municipal da Parroquia de Cela, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 3 de xuño de 2013, co código IVCE-037.

O Camiño do entorno de Cabalo, aparece recollido no Documento de aprobación definitiva do Inventario de Camiños de Titularidade municipal da Parroquia de Beluso, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 1 de decembro de 2014, co código IVBE-009.

Achégase o presente informe as fichas correspondentes así como os Planos sobre orófoto PNOA extraídas dos inventarios.

No referente os camiños de Meiro A Portela e acceso ao Cemiterio de Ermelo, nestes momentos o Concello de Bueu non dispón do Inventario de camiños de Titularidade Municipal da parroquia de San Martiño aprobado, si ben e certo, que se está traballando na súa elaboración.

O criterio adoptado para incluír un camiño dentro do inventario é que deben cumprir dúas condicións, primeiro:

- Que apareza recollido no catastro actual como vía de comunicación de dominio público, códigos 9001 a 9010.
- Que o camiño presente sinais externas moi evidentes do seu uso público.

E ademais, deberá cumprir unha das seguintes condicións:

- Que apareza o trazado do camiño nos planos das Normas Subsidiarias Municipais de Planeamento do ano 1986.
- Que apareza grañado na cartografía catastral do ano 1956.

Tamén se inclúen aqueles camiños nos que conste feita algunha cesión de terreo para a regularización do vial.

## CONCELLO DE BUEU - DEPARTAMENTO DE URBANISMO

Segundo este criterio, os citados camiños serán incluídos no Inventario de camiños de Titularidade Municipal da parroquia de San Martiño , posto que ambos aparecen recollidos no catastro actual e no do ano 1956 como vías de comunicación de dominio público, presentan sinais externas evidentes do seu uso público (están pavimentados, teñen redes de saneamento, abastecemento e iluminación pública), e aparecen grafados tanto na cartografía catastral do ano 1956 como nas Normas Subsidiarias Municipais de Planeamento do ano 1986. Achégase copias das cartografías.

Os citados camiños non teñen ningún tipo de afección ou servidume de outros organismos, existindo ademais plena disponibilidad dos mesmos.

Bueu, a 14/07/2015



O Arquitecto Técnico Municipal  
Asdo.: Alfredo de la Campa Ferverza